

Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE

Nelly Condori Fernandez, secretario da Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría na sesión ordinaria celebrada o 14 de novembro de 2024 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación:

1. Aprobación das actas das reunións anteriores

A Xunta de Escola aproba a acta da reunión ordinaria do 24/10/2024.

2. Ratificación de acordos da Comisión Permanente

A Xunta de Escola ratifica o acordo de modificar o nivel de afinidade da materia "Organización e Economía de Empresa" (G4022202) a nivel 3 para a Área de Organización de Empresas, tras a xustificación presentada polo Departamento de Organización de Empresas.

3. Aprobación da memoria de calidade da ETSE 2022-23

A Xunta de Escola aproba por asentimento a memoria de calidade presentada, que inclúe o seguimento do sistema de garantía de calidade, plan de melloras e obxectivos para o curso 2023-24.

4. Aprobación, se procede, do grupo de traballo para avaliar TFG e TFM.

A Xunta de Escola aproba a proposta de creación dun grupo de traballo para avaliar TFG e TFM que involucren datos persoais ou participación humana. Os membros propostos polas Comisións de título son: Eduardo Sánchez Vila, Alejandro Catalá Bolos, Nelly Condori Fernández, e M. Sonia Freire Leira.

5. Aprobación, se procede, da modificacións de horarios do GREQ e GRIA, curso 2024-2025

A Xunta de Escola aproba os cambios propostos para as materias do segundo cuadrimestre:

- Fundamentos de Procesos Químicos II (GREQ) para o novo grupo creado de docencia interactiva:
 - Ata o 21 de marzo: luns a mércores, de 15:00 a 16:00, na aula I.1. Engádese o grupo 4 os xoves no mesmo horario.
 - 26 de marzo: mércores, de 15:00 a 16:00, na aula I.1.
 - Desde abril: sesións no laboratorio B.5, de 15:30 a 19:30, organizadas en función das datas dispoñibles e evitando solapamentos coas prácticas doutras materias.
- Razonamento con Incertidume (GRIA)
 - Luns de 12:00 a 14:00
- Metaheurísticas (GRIA)

- Meta 1: martes de 15:30 a 17:30.
- Meta 2: venres de 12:00 a 14:00.

6. Aprobación da regularización dos espazos

A Xunta de Escola aproba a regularización dos espazos utilizados polo grupo GI-1613 de Biotecnoloxía Ambiental, asignándoos oficialmente ao Departamento de Enxeñaría Química.

7. Aprobación, se procede, de apertura do centro en Nadal

A Xunta de Escola aproba a apertura parcial do Edificio ETSE durante o Nadal en días laborables (23, 26, 27 e 30 de decembro a 2 e 3 de xaneiro) e a implementación de accesos xustificados ao Edificio Emprendia, con compromiso da directora Julia Gonzalez de consultar sobre acceso remoto aos servidores de Emprendia.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.

Anexos:

- Acta Xunta de Escola 24/10/2024
- Memoria de Calidade ETSE 2022-2023
- Horarios GRIA e GREQ curso 2024-2025
- Resolución Reitoral do 24/10/2024